

e no DOG nº 51, do 15 de marzo de 2005. O Pleno do concello aprobou provisoriamente a modificación de referencia na súa sesión do 6 de xuño de 2005.

c) Constan no expediente as solicitudes de informe, con data do 9 de febreiro de 2005, no ámbito das súas competencias, á Deputación Provincial de Lugo, á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, e á Consellería de Medio Ambiente. Asemade, constan os informes emitidos polos devanditos organismos con datas do 30 de marzo, 5 de maio e 2 de setembro de 2005, respectivamente.

d) Igualmente, figuran no expediente informes do secretario municipal e do técnico municipal, de datas 2 de xuño de 2005, respectivamente, sobre a conformidade da modificación coa lexislación vixente e a calidade técnica do proxecto.

5. O documento aprobado provisoriamente non atende a totalidade das observacións sinaladas no informe da CPTOPV, do 14 de maio de 2005.

6. A competencia para a aprobación definitiva das modificacións do planeamento correspóndelle ao conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, de conformidade co establecido na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro. En consecuencia, e por proposta da Dirección Xeral de Urbanismo, desta mesma data,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Suspender a aprobación definitiva do expediente de modificación puntual do Plan xeral de Lugo no ámbito do Plan parcial do sector SUNP norte-I aprobada provisoriamente polo Concello de Lugo o 6 de xuño de 2005, ata que o proxecto incorpore as ordenanzas reguladoras das diferentes zonas edificables, tanto residenciais como destinadas a equipamentos, segundo o previsto no artigo 67 da Lei 9/2002, e se proceda á definición do 20% de reserva para vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública no proxecto de modificación, dado que se entende de aplicación a este suposto o artigo 64 f) da Lei 9/2002, na redacción dada pola Lei 15/2004.

Disposición derradeira

Segundo o disposto no artigo 85.9º da Lei 9/2002, contra esta orde non cabe recurso en vía administrativa; non obstante, contra ela poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2005.

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial,
Obras Públicas e Transportes

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 1 de decembro de 2005 pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional específica de grao superior correspondentes ao curso 2004-2005.

O Ministerio de Educación e Cultura creou mediante a Orde ECD/1696/2002, do 1 de xullo de 2002, os premios nacionais de formación profesional como recoñecemento ao alumnado que rematou os seus estudos de formación profesional específica de grao superior.

Así mesmo, no artigo terceiro, a citada orde establece que poderá concorrer aos premios nacionais o alumnado que resultase merecedor dos premios extraordinarios convocados na súa comunidade autónoma nos termos que se establecen nesa norma.

Na súa virtude, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, facendo uso desta habilitación e das atribucións que ten conferidas, e de acordo co disposto no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* do 11 de decembro),

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto.

Convócanse premios extraordinarios de formación profesional para o alumnado que finalizará os estudos de formación profesional específica de grao superior no ano 2005 nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.-Número e recoñecemento.

1. Poderanse conceder ata vinte e dous premios extraordinarios, un por cada familia de formación profesional específica.

2. O alumnado que obteña o premio extraordinario recibirá un diploma acreditativo e o secretario do centro docente onde estea depositado o seu expediente anotaralle esa distinción neste último. Así mesmo, o secretario do xurado de selección farao anotar no libro de cualificacións mediante a dilixencia correspondente. Para iso, os interesados deberán enviar, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da publicación da citada resolución de concesión dos premios, o seu libro de cualificacións ao Servizo de Planificación Educativa da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, edif. administrativo San Caetano s/n, 15781, Santiago de Compostela.

3. A dotación para os premios será de 11.000 € con cargo á partida orzamentaria 09.02.323A.480.1., que se distribuirán entre os premiados na mesma contía, e que non poderá exceder de 500 € por premio.

En todo caso, o gasto proxectado queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente para tal fin nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e ao disposto na orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

4. Os alumnos que obteñan o premio extraordinario de formación profesional poderán concorrer, logo de inscrición, ao correspondente premio nacional.

Artigo 3º.-Requisitos.

Poderá optar aos premios extraordinarios de formación profesional o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

1. Ter rematados os estudos de formación profesional específica de grao superior no ano 2005 nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia. A esta convocatoria, e de forma excepcional, poderá presentarse igualmente o alumnado que rematou os seus estudos no 4º trimestre do ano 2004.

2. Ter obtido unha cualificación final media de todos os módulos igual ou superior a 8,5. Esta cualificación final obterase como media aritmética das cualificacións obtidas nos módulos que compoñen o ciclo formativo, non computándose o módulo de formación en centros de traballo que se cualifica en termos de apto ou non apto, nin os que foran obxecto de validación.

Artigo 4º.-Prazo e documentación.

1. O alumnado que, reunindo os requisitos indicados, desexe optar aos premios extraordinarios, deberase inscribir, antes do día 15 de xaneiro de 2006, na secretaría do instituto de educación secundaria no que se atope o seu expediente académico.

2. Para formalizar a inscrición deberá presentar a seguinte documentación:

a) Folla de inscrición cuberta segundo o modelo do anexo I desta orde.

b) Breve *curriculum vitae* con indicación, se é o caso, dos premios ou outros méritos que se desexe alegar relacionados co título profesional, xunto coa documentación xustificativa correspondente.

No caso de cursos só se valorarán os organizados polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologados ou recoñecidos polas administracións anteditas, así como os organizados polas universidades. Estes e outros méritos similares deberán acreditarse mediante certificado no que conste expresamente o número de horas de duración.

c) Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte.

3. Os institutos de educación secundaria elaborarán e xuntarán á documentación anterior os documentos que deseguido se relacionan:

a) Certificación académica dos estudos obxecto de baremación, onde se reflicte a cualificación final media a que se refire o artigo 3.2.

b) Certificación oficial que inclúa nota media da proba ou dos estudos que lle permitiron o acceso ao ciclo de formación profesional específica polo que opta ao premio extraordinario.

Artigo 5º.-Tramitación de solicitudes.

1. Os institutos de educación secundaria que posúan solicitudes de inscricións tramitarán estas a través dunha aplicación informática situada no portal educativo <http://www.edu.xunta.es> (ruta: consellería, Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, convocatorias), podendo facer esta tramitación ata o 16 de xaneiro de 2006.

2. O día 16 de xaneiro de 2006 os secretarios dos institutos de educación secundaria remitirán por correo urxente, ao Servizo de Planificación Educativa da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, as solicitudes de inscrición xunto co resto da documentación.

Artigo 6º.-Emenda e mellora da solicitude.

De acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, se a solicitude de inscrición non reunise os requisitos precisos ou non se xuntase a documentación indicada no artigo anterior, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistido da súa petición ou, se é o caso, non se valorarán os méritos que non estean debidamente xustificadas.

Artigo 7º.-Xurado de selección.

1. Para a análise e valoración das solicitudes constituirase un xurado de selección presidido pola directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, ou persoa na que delegue, e integrado polo director xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, ou persoa na que delegue, que actuará como secretario do xurado de selección; o xefe de servizo de Planificación Educativa, o xefe de servizo de Formación Profesional, e funcionarios dos corpos de inspectores de educación e/ou profesores de ensino secundario das especialidades de formación profesional específica, designados polas direccións xerais de Ordenación e Innovación Educativa, e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

2. A percepción de asistencias deste xurado de selección aterase á categoría correspondente segundo o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal

con destino na Administración Autonómica de Galicia.

Artigo 8º.-Baremación das solicitudes.

1. Os premios concederanse en réxime de concorrencia competitiva. Na valoración final o xurado terá en conta os seguintes méritos:

a) Nota media do expediente académico do ciclo de formación profesional específica polo que se opta ao premio extraordinario.

b) Nota media da proba ou dos estudos que lle permitiron o acceso ao citado ciclo (bacharelato, formación profesional de segundo grao, outro ciclo, proba de acceso, etc.).

c) Outros méritos relacionados co título profesional.

2. Cada un dos méritos citados no punto anterior estará expresado numericamente do 0 ao 10 cunha cifra decimal.

3. A valoración final expresarase numericamente con dúas cifras decimais e será o resultado de aplicar sucesivamente os factores de ponderación recollidos no anexo II.

4. O xurado resolverá os empates tendo en conta os seguintes méritos e por esta orde:

a) Nota media da letra a) do punto 1 deste artigo.

b) Cualificación do módulo de proxecto integrado, no caso de que forme parte de todos os ciclos da mesma familia profesional.

c) Nota media da letra b) do punto 1 deste artigo.

d) Outros méritos relacionados co título profesional.

5. O xurado poderá declarar deserto algún dos premios.

Artigo 9º.-Proposta de concesión dos premios e publicación da resolución de adxudicación.

1. Antes do 10 de febreiro de 2006 o xurado de selección confeccionará unha acta provisional coas puntuacións finais dos aspirantes e os méritos xustificadas, que se fará pública nas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e no portal educativo desta consellería <http://www.edu.xunta.es> (ruta: consellería, Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, convocatorias).

2. Os interesados poderán reclamar por escrito contra a puntuación outorgada polo xurado de selección mediante instancia dirixida ao presidente do xurado, no prazo de dez días hábiles a partir do seguinte ao da publicación das actas provisionais.

3. Unha vez resoltas as reclamacións, o xurado elaborará a acta coa proposta definitiva de adxudicación dos premios extraordinarios. O orixinal quedará arquivado na Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e remitirase copia á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensi-

nanzas Especiais así como ás delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

4. De acordo coa proposta feita polo xurado de selección, a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa elevará a dita proposta para a publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución de concesión ditada pola conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.

5. O prazo máximo para notificar a resolución deste procedemento será de seis meses, desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria, tendo efectos desestimatorios a falta de resolución expresa nese período.

Artigo 10º.-Recurso contra a resolución.

Contra a devandita resolución de adxudicación dos premios poderase recorrer mediante recurso de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 11º.-Compatibilidade con outros premios.

A obtención dos premios extraordinarios será incompatible coa percepción doutros premios convocados co mesmo fin polas administracións educativas doutras comunidades autónomas.

Artigo 12º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión dos premios e, en todo caso, a obtención concorrente doutros premios convocados co mesmo fin polas administracións educativas doutras comunidades autónomas poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 13º.-Obrigas dos gañadores.

O alumnado gañador dos premios terá a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo tribunal de Contas e/ou polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízanse as direccións xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para ditar cantas normas sexan oportunas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2005.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROCEDEMENTO PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED311B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS		NOME		NIF	
DATA NACEMENTO	TELÉFONO	ENDEREZO (PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN)			
LOCALIDADE			PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	
CENTRO NO QUE REMATOU OS ESTUDOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA			IES AO QUE ESTÁ ADSCRITO (SÓ PARA ALUMNOS DE CENTROS PRIVADOS)		
LOCALIDADE			PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	
FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA (FPE):					
FAMILIA PROFESIONAL _____					
CICLO FORMATIVO _____					

Desexa tomar parte no concurso para a obtención dos premios extraordinarios de formación profesional convocados pola Orde do ____ de _____ de 2005 para o que xunta a seguinte documentación (indicar cun X):

IES:

- CERTIFICACIÓN OFICIAL DOS ESTUDOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL REMATADOS NO CURSO 2004-2005.
 CERTIFICACIÓN OFICIAL DOS ESTUDOS QUE LLE PERMITIRON O ACCESO A FPE.

SOLICITANTE:

- CURRÍCULUM VITAE.
 FOTOCOPIA DNI OU PASAPORTE.
 DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS DOUTROS MÉRITOS RELACIONADOS CO TÍTULO DE FP OBTIDO: (ESPECIFIQUESE)

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 1 de decembro de 2005 pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional específica de grao superior correspondentes ao curso 2004/2005.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

____ de _____ de 2005

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

ANEXO II

Baremación dos expedientes e outros méritos

Mérito	Documento acreditativo	Ponderación
-Nota media do expediente académico dos estudos de formación profesional específica de grao superior.	Certificación académica.	72%
-Nota media dos estudos que lle permitiron o acceso aos estudos de formación profesional específica (bacharelato, formación profesional de segundo grao, outro ciclo, nota da proba de acceso, etc.).	Certificación oficial.	18%
-Outros méritos relacionados co título profesional.	Certificación oficial ou fotocopia compulsada do documento xustificativo.	10%

**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA**

Orde do 2 de decembro de 2005 pola que se establecen os domingos e festivos nos que se autoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 2006.

A Lei 1/2004, do 21 de decembro, de horarios comerciais determina que o número mínimo de domingos e días festivos nos que os comercios poderán permanecer abertos ao público será de doce. Xunto con esto tamén figura a previsión de que as comunidades autónomas poderán modificar o dito número de domingos e festivos en atención ás súas necesidades comerciais, incrementando ou reducindo, sen que en ningún caso se poida limitar por debaixo de oito o número mínimo de domingos e festivos de apertura autorizada.

Tendo en conta o marco normativo que se configura na devandita lei e de acordo co disposto no artigo 3 punto 2º do Decreto 365/1996, do 26 de setembro, polo que se regulan os horarios comerciais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 98/1998, do 20 de marzo, a Consellería de Innovación e Industria fixará anualmente oito domingos e festivos, que se consideraran hábiles para os efectos do exercicio da actividade comercial en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

En aplicación dos citados preceptos, logo de consulta efectuada cos axentes socioeconómicos interesados, e tendo en conta o interese xeral do comercio e dos consumidores, procédese á fixación dos 8 domingos e festivos que, para os efectos do exercicio da actividade comercial, terán a condición de hábiles durante o ano 2006,

DISPOÑO:

Artigo único.-Os domingos e festivos nos que os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao público cun horario máximo de 12 horas diarias durante o ano 2006 son:

8 de xaneiro
2 de xullo
1 de novembro
3 de decembro
10 de decembro

17 de decembro
24 de decembro
31 de decembro

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2005.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Resolución do 23 de novembro de 2005, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo da Confraría de Pescadores de Fisterra.

Visto o expediente do convenio colectivo da Confraría de Pescadores de Fisterra (código de convenio número 1504322), que tivo entrada nesta delegación provincial o día 18-10-2005, complementado o día 16-11-2005 e subscrito pola parte económica pola Confraría de Pescadores de Fisterra e pola parte social polo delegado de persoal o día 13-10-2005, de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, que consta nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 23 de novembro de 2005.

María Debén Alfonso
Delegada provincial da Coruña

Convenio colectivo dos/das traballadores/as
da Confraría de Pescadores de Fisterra

Capítulo I

Ámbito de aplicación, denuncia e negociación
Artigo 1º.-Ámbito territorial.

As normas deste convenio laboral serán de aplicación dentro da Confraría de Pescadores de Fisterra.